

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE XANEIRO DE 2021**

Ás 10:40 horas do día 18 de xaneiro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 13 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño (asiste aos puntos 2, 4 y 14)  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (asiste aos puntos 3 e 7)
- Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2, 4 e 7)  
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 14)
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:04	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AD4A-51DC86-348336-35LGJN-GRS2KC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
2. CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U.
3. CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.
4. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
5. EICROS GESTIÓN, S.L.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do colexio Balaídos" (602-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
  2. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
  3. ORECO, S.A.U.
  4. SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.

#### **c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur" (667-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
  2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (lotes 1, 2 e 3)
  3. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
  4. NAROM, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
  5. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (lote 3)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:04	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AD4A-51DC86-348336-35LGJN-GRS2KC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### 3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

#### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (CARLOS MARTÍNEZ QUIÑONES, GIGLON, S.L., KICK TICKETING, S.L., MANANTIAL DE IDEAS, S.L. e OVEJERO SEQUEIRO, S.L.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezos bloque 1(%)	Redución prezos bloque 2 (%)	Redución prezos bloque 3(%)	Redución prezos bloque 4(%)
1	CARLOS MARTÍNEZ QUIÑONES	1.52%	3.40%	3.03%	1.70%
2	GIGLON, S.L.	30.55%	55.02%	33.59%	25.00%
3	KICK TICKETING, S.L.	28.96%	43.06%	5.05%	100.00%
4	MANANTIAL DE IDEAS, S.L	10.00%	20.00%	20.00%	50.00%
5	OVEJERO SEQUEIRO, S.L.	15.00%	20.00%	20.00%	15.00%

Asisten á apertura D. Carlos Martínez Quiñones, con DNI \*\*. \*25.60\*, e D. José Carlos Lázaro Martínez con DNI \*\*. \*70.53\*, en representación de MANANTIAL DE IDEAS, S.L.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CARLOS MARTÍNEZ QUIÑONES
  2. GIGLON, S.L.
  3. MANANTIAL DE IDEAS, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días a GIGLON, S.L. para que poida presentar o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP.
- c) Outorgar un prazo de tres días aos licitadores que deseguido se relacionan para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
  1. OVEJERO SEQUEIRO, S.L.: deberá presentar o anexo II do PCAP, debidamente cumprimentado e asinado dixitalmente por persoa con poder de representación, tal e como esixe a cláusula 14.2A do prego. Así mesmo, deberá presentar o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do prego.
  2. KICK TICKETING, S.L.: deberá presentar o anexo II do PCAP, debidamente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:04	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AD4A-51DC86-348336-35LGJN-GRS2KC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

cumprimentado e asinado dixitalmente por persoa con poder de representación, tal e como esixe a cláusula 14.2A do prego

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

##### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "cubrición do patio do colexio Balaídos" (602-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

##### c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur" (667-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 13 de xaneiro de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, así como o informe que rectifica o anterior de data 15 de xaneiro. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con OBRAS,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:04	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AD4A-51DC86-348336-35LGJN-GRS2KC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa ofertas.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e a rúa Rosalía" (581-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 13 de xaneiro de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. NAROM, S.L.
2. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

**c) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "nova grada de marcador do Estadio Municipal de Balaídos" (604-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 13 de xaneiro de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, así como o informe que rectifica o anterior de data 14 de xaneiro. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NORMANSYS, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

**14.- Dar conta da resolución de recursos e realización das actuacións necesarias para a súa execución**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)**

Dáse conta da resolución nº 3/2021 do 8 de xaneiro (recurso nº 225/2020), do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se estima o recurso interposto por INTEGRA MANTENIMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS, CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO - GALICIA, S.L. contra o acordo de adxudicación. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 14 de xaneiro de 2020.

Para os efectos de executar a citada resolución, a Mesa de Contratación acorda, por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:04	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AD4A-51DC86-348336-35LGJN-GRS2KC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

unanimidade, retrotraer o procedemento ata a valoración do sobre B “*Proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor*” para excluír deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP segundo o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes de data 24 de setembro de 2020 e o informe de data 29 de outubro sobre cumprimento dos requisitos de presentación das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor:

1. UNIUM SERVICIOS AUXILIARES
2. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.
3. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.

Unha vez excluídos os citados licitadores, procede valorar de novo as proposicións avaliáveis a través de fórmula presentadas polos únicos licitadores admitidos, polo que a Mesa acorda solicitar informe ao servizo xestor en relación co sobre C.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:04	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AD4A-51DC86-348336-35LGJN-GRS2KC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		